



Guía

Instalación e conexión da VPNXG F5 da Xunta de Galicia - EELL





CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
NOME DO DOCUMENTO:	Guía para a instalación e conexión da VPNXG F5 corporativa	VERSIÓN:	01.01
COD. DO DOCUMENTO:	Manual_VPNXG_F5_v.01.01_EELL		
ELABORADO POR:	Oficina Técnica do CAU	DATA:	01/12/2021
VALIDADO POR:	Departamento de Medios e Capacitación Dixital, Oficina eConcellos	DATA:	04/12/2021, 21/02/2022
APROBADO POR:	Departamento de Medios e Capacitación Dixital, Oficina eConcellos	DATA:	04/12/2021, 21/02/2022

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación
01.00	Versión Inicial	04/12/2021
01.01	Versión para EELL	21/02/2022

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.



Índice

1. En Windows 7/8/10.....	5
1.1. Pre-requisitos.....	5
1.2. Pasos para conectarse.....	5
1.3. Conexión á VPN a través do escritorio web ou do cliente pesado.....	9
1.3.1. Conexión a través do escritorio web da VPN.....	9
1.3.2. Conexión a través do cliente pesado da VPN.....	11
1.3.2.1. Conexión á VPN.....	13
1.3.3. Conexión ao escritorio remoto.....	15
2. En Mac OS.....	18
2.1. Pre-requisitos.....	18
2.2. Pasos para conectarse.....	18
2.3. Conexión á VPN a través do escritorio web ou do cliente pesado.....	20
2.3.1. Conexión a través do escritorio web da VPN.....	20
2.3.2. Conexión a través do cliente pesado da VPN.....	23
3. En Linux.....	28
3.1. Pre-requisitos.....	28
3.2. Pasos para conectarse.....	28
3.3. Conexión á VPN a través do escritorio web ou do cliente pesado.....	30



3.3.1. Conexión a través do escritorio web da VPN.....	30
3.3.2. Conexión a través do cliente pesado.....	33
4. En Android.....	34
4.1. Pre-requisitos.....	34
4.2. Pasos para conectarse.....	34
5. En IOS (Iphone e Ipad).....	40
5.1. Pre-requisitos.....	40
5.2. Pasos para conectarse.....	40
5.2.1. Importar o certificado FNMT (se non o ten xa no dispositivo).....	40
5.2.2. Dar permisos á aplicación para acceder ao certificado FNMT.....	41
5.2.3. Configuración da aplicación.....	42



1. En Windows 7/8/10

1.1. Pre-requisitos

- Deberá ter correctamente instalado no equipo e en vigor un Certificado Dixital FNMT de Persoa Física, Camerfirma, DNle ou de Empregado Público, en ningún caso de empresa.
- No caso de que o certificado se encontre nunha tarxeta criptográfica, será preciso ter instaladas as aplicacións de lectura de certificados correspondentes en cada caso.
- Para usar a súa tarxeta de empregado/a público/a necesita que o equipo da súa casa dispoña do Software de xestión da tarxeta de empregado/a público/a.
- A data e hora do equipo debe ser correcta.
- Debe ter instalado o certificado de entidade raíz da FNMT ou Camerfirma dispoñibles a través da seguintes ligazóns :
<https://www.sede.fnmt.gob.es/descargas/certificados-raiz-de-la-fnmt>
<https://www.camerfirma.com/area-de-usuario/descarga-de-claves-publicas/>
https://rest.camerfirma.com/certs/ac_camerfirma_natural_persons-2016.crt
- Debe ter un antivirus correctamente instalado e actualizado.
- Ten que ter activado o corta lumes no sistema desde o que se está a conectar.
- Debe aceptar todos os permisos necesarios durante a instalación do software VPN no seu sistema operativo para un correcto despregamento, no caso de que non acepte os permisos, o software non se instalará e non poderá conectarse á VPN.

1.2. Pasos para conectarse

1. Abrir no navegador e acceder á seguinte URL:

<https://vpn.xunta.gal>

A continuación amósase a seguinte mensaxe na que deberá pulsar en “Máis opcións”

Esperando o estado da inspeccion de punto final

O navegador está esperando o estado da aplicación Endpoint Inspector.
Confirme que se iniciou esta aplicación e que non estea esperando que ingrese datos. Esta aplicación pódese encontrar detrás de outras ventanas no seu escritorio.

[Máis opcións ▶](#)

2. Seleccione a opción "Iniciar"

Esperando o estado da inspección de punto final

O navegador está esperando o estado da aplicación Endpoint Inspector.

Confirme que se iniciou esta aplicación e que non estea esperando que ingrese datos. Esta aplicación pódese encontrar detrás de outras ventanas no seu escritorio.

Iniciar

Inicie novamente a inspección do punto de conexión

Asegúrese de que non se estea executando outra instancia da aplicación.

Instalar

Instalar/reinstalar a aplicación Endpoint Inspector

Seleccione esta opción se nunca se instalou Endpoint Inspector nesta máquina ou se houbo algún problema coa instalación.

Omitir

Omitir a inspección do punto de conexión

O acceso pódese negar ou algúns recursos poden non estar dispoñibles dependendo de cómo configurara o acceso o seu administrador.

3. Na seguinte ventá faga clic en "Descargar" para iniciar a descarga do paquete de instalación.

Compoñentes de cliente da inspección do punto de conexión requeridos

Descargue e execute o paquete da instalación

Descargar


Faga clic aquí cuando finalice a instalación.

Omitir


Omitir a inspección do punto de conexión

O acceso pódese negar ou algúns recursos poden non estar dispoñibles dependendo de cómo configurara o acceso o seu administrador.

Despois de descargar o axente de inspección terá que abri-lo para que a instalación comece automaticamente.




No caso de que non sexa administrador da máquina, debe dar permisos de administración premendo en continuar.




4. Unha vez rematada a instalación (pasados uns segundos) non se amosará ningunha mensaxe que confirme a mesma. Prema en "Faga clic aquí".

[Faga clic aquí](#) cuando finalice a instalación.

*En caso de que se tente instalar o axente novamente e se amose a seguinte mensaxe, iso quere dicir que o axente xa está instalado e poderase continuar coa instalación e conexión da VPN premendo en "Faga clic aquí":



5. Dado que o portal vai inspeccionar o seu equipo, e máis que probable que teña que dar permisos premendo en "Incluír este sitio na súa lista de sitios de confianza e permitir sempre a inspección desde este sitio".



6. Despois de facer unha análise de seguridade do seu dispositivo, o navegador amosará a seguinte ventá na que deberá introducir o seu usuario de acceso á VNP (que lle foi facilitado no correo de confirmación da alta da súa VPN). Prema en "iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Nome de Usuario

[Iniciar sesión](#)



Ingresa a súa contrasinal de acceso a área privada do portal EidoLocal (<https://www.eidolocal.gal/login>) e prema de novo en "Iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Contrasinal

7. Se a autenticación no sistema é correcta solicitaráselle un certificado dixital. Debe premer en "Fai clic aquí para continuar" e posteriormente unha vez seleccionado o certificado dixital en "Aceptar".

Fai clic na seguinte ligazón para continuar

A continuación solicitaráselle que seleccione o seu certificado. Se o seu certificado está no seu DNle ou Tarxeta de Empregado Público, prepare o lector e a contrasinal, xa que ten 30 segundos para selecciónalo e introducir a contrasinal, transcorridos os cales a sesión podería reiniciarse

Seleccionar un certificado

Seleccionar un certificado para autenticarte como vpnxg.xunta.gal:443

Asunto	Emisor	Número de serie
XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX

*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Será informado do envío e terá 5 minutos para facelo.

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Introduza o código enviado ao correo



Solicitou vostede acceso á plataforma de acceso remoto da Xunta de Galicia. Xerouse un código dun so uso que deberá introducir para completar o acceso.

Este código é válido durante 5 minutos.

O seu código é: **687965**

Por favor introduza o código no formulario que se lle mostra para completar o acceso.


8. Posteriormente amosarase unha ventá con información de Seguridade de interese para vostede. Debe premer en "Aceptar".

Ao acceder a esta rede e aos seus sistemas de información está vostede obrigado ao cumprimento da normativa en vigor, en particular da Política de Seguridade e do Decreto de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración xeral e do sector público de Galicia, no marco do requirido polo Esquema Nacional de Seguridade e o Regulamento Xeral de Protección de Datos Persoais.

1.3. Conexión á VPN a través do escritorio web ou do cliente pesado


1.3.1. Conexión a través do escritorio web da VPN

1. Despois de acceder con éxito á plataforma de VPN. amosarase o seu escritorio web onde poderá establecer a conexión á VPN vía web premendo en "Pica Para Conectar".




***Recoméndase** instalar o cliente pesado da ferramenta e empregalo para a conexión diaria á VPN corporativa por resultar máis operativo. No apartado [1.3.1 Descarga e instalación do cliente pesado da VPN](#) atópase a información referente á instalación do cliente pesado da VPN


2. Prema en "Descargar" para descargar o paquete de instalación da VPN



3. Despois de descargar o axente de instalación terá que abri-lo para que a instalación comece automaticamente.




4. No caso de que non sexa administrador da máquina, debe dar permisos de administración premendo en continuar.




5. Unha vez rematada a instalación (pasados uns segundos) non se amosará ningunha mensaxe que confirme a mesma. Prema en "Faga clic aquí".

[Faga clic aquí](#) cuando finalice a instalación.


6. Amosarase a seguinte mensaxe na que deberá premer en "Abrir enlace"



7. Entón abrirase unha xanela que iniciará a conexión a VPN e reducirase automaticamente cando se estableza o túnel.




8. Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet da Xunta de Galicia <https://intranet.xunta.gal> e pulsando en Enter/Intro ou abrindo no escritorio web da plataforma a icona chamada Intranet.



Se o acceso á Intranet é correcto entón a VPN corporativa estará habilitada.

1.3.2. Conexión a través do cliente pesado da VPN

1. Unha vez conectado á VPN a través do escritorio web da plataforma, pode descargar o cliente pesado da VPN para que poida conectarse á mesma a través do seu equipo. Prema en "Cliente Pesado".




2. Despois de descargar o axente VPN terá que abri-lo para iniciar a instalación.



3. A continuación procederase a instalar o axente VPN seguindo a seguinte secuencia de instalación.




4. Finalizado o proceso de instalación do axente, amosarase a seguinte mensaxe solicitando reiniciar o seu equipo:




Debe pechar todos os documentos e aplicacións que teña abertos e premer en "Yes" para proceder co reinicio do equipo.

1.3.2.1. Conexión á VPN

1. Abra a icona da VPN na barra de tarefas do seu equipo situada xunto ao reloxo facendo dobre clic na mesma



2. Debe ir a opción "Cambiar servidor" e seleccionar VPNXG, no caso de que o campo estea baleiro debe indicar a URL <https://vpn.xunta.gal> e facer clic en "Seguiente."



3. Prema en "Conectar" e abrase unha nova xanela onde deberá autenticarse.





Introduza o seu usuario de acceso á VNP (que lle foi facilitado no correo de confirmación da alta da súa VPN). Prema en "Iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Nome de Usuario

Iniciar sesión

Ingresa a súa contrasinal de acceso á área privada do portal Eidolocal (<https://www.eidolocal.gal/login>) e prema de novo en "Iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Contrasinal

Iniciar sesión

4. Se a autenticación no sistema é correcta solicitaráselle un certificado dixital. Debe premer en "Fai clic aquí para continuar" e posteriormente unha vez seleccionado o certificado dixital en "Aceptar".

Fai clic na seguinte ligazón para continuar

A continuación solicitaráselle que seleccione o seu certificado. Se o seu certificado está no seu DNle ou Tarxeta de Empregado Público, prepare o lector e a contrasinal, xa que ten 30 segundos para seleccionalo e introducir a contrasinal, transcorridos os cales a sesión podería reiniciarse

Fai clic aquí para continuar

Seleccionar un certificado

Seleccionar un certificado para autenticarte como vpnxg.xunta.gal:443

Asunto	Emisor	Número de serie
VPNXG	XUNTA DE GALICIA	687965

Información sobre el certificado

Aceptar

Cancelar

*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Será informado do envío e terá 5 minutos para facelo.



Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Introduza o código enviado ao correo

Iniciar sesión

Solicitou vostede acceso á plataforma de acceso remoto da Xunta de Galicia. Xerouse un código dun so uso que deberá introducir para completar o acceso.

Este código é válido durante 5 minutos.

O seu código é: **687965**

Por favor introduza o código no formulario que se lle mostra para completar o acceso.

5. Posteriormente amosarase unha ventá con información de Seguridade de interese para vostede. Debe premer en "Aceptar".

Ao acceder a esta rede e aos seus sistemas de información está vostede obrigado ao cumprimento da normativa en vigor, en particular da Política de Seguridade e do Decreto de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración xeral e do sector público de Galicia, no marco do requirido polo Esquema Nacional de Seguridade e o Regulamento Xeral de Protección de Datos Persoais.

Aceptar

Rexeitar

6. A ventá do axente de VPN minimizarase automaticamente e a conexión coa VPN estará habilitada. Para ver o estado da mesma debe abrir a icona da VPN dentro da barra de tarefas e facer dobre clic sobre a mesma.




7. Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet de Xunta de Galicia <https://intranet.xunta.gal> e pulsando en Enter/Intro.


Se o acceso á Intranet é correcto entón a VPN corporativa estará habilitada.

1.3.3. Conexión ao escritorio remoto


Para conectarse por escritorio remoto ao equipo da súa oficina, pode facelo dende o propio escritorio web da plataforma de VPN empregando a opción "Escritorio remoto". Recorde que previamente vostede deberá estar conectado á plataforma de VPN corporativa



Unha vez seleccionada, amosaráselle unha mensaxe para confirmar a descarga no seu equipo da conexión remota:





Debe pulsar en "Aceptar" e a continuación premer en "Conectar" para establecer a conexión ao seu equipo da oficina.



A maiores da posibilidade de poder conectarse en remoto a través do escritorio web da plataforma VPN, vostede tamén poderá realizar directamente dita conexión a través da ferramenta "**Conexión a Escritorio Remoto**" de Windows. Debe premer no botón Inicio de Windows e escribir Conexión a Escritorio Remoto, para que se lle amose a ferramenta.

Unha vez seleccionada a ferramenta, deberá inserir a dirección IP do seu equipo integrado na Rede da Xunta da oficina no campo "Equipo". Deberá premer en **Mostrar opciones** e no campo "Usuario" debe escribir XUNTA\usuarioVPN (usuario que lle foi facilitado no correo de confirmación da alta da súa VPN) e premer en **Conectar** para establecer a conexión ao seu equipo da oficina.





2. En Mac OS

2.1.Pre-requisitos

- Deberá ter correctamente instalado no equipo e en vigor un Certificado Dixital FNMT de Persoa Física, Camerfirma, DNle ou de Empregado Público, en ningún caso de empresa.
- No caso de que o certificado se encontre nunha tarxeta criptográfica, será preciso ter instaladas as aplicacións de lectura correspondentes en cada caso.
- Para usar a súa tarxeta de empregado/a público/a necesita que o equipo da súa casa dispoña de Software de xestión da tarxeta de empregado/a público/a.
- A data e hora do equipo debe ser correcta.
- Debe ter instalado o certificado de entidade raíz da FNMT ou Camerfirma dispoñibles a través da seguintes ligazóns :

<https://www.sede.fnmt.gob.es/descargas/certificados-raiz-de-la-fnmt>

<https://www.camerfirma.com/area-de-usuario/descarga-de-claves-publicas/>

https://rest.camerfirma.com/certs/ac_camerfirma_natural_persons-2016.crt

- Debe aceptar todos os permisos necesarios durante a instalación do software VPN no seu sistema operativo para un correcto despregamento, no caso de que non acepte os permisos, o software non se instalará e non poderá conectarse á VPN.
- O cliente pesado require **macOS 10.12** ou posterior.

2.2. Pasos para conectarse

1. Abrir un navegador e acceder á seguinte URL: <https://vpn.xunta.gal>

2. Despois de facer unha análise de seguridade do seu dispositivo, o navegador amosará a seguinte ventá na que deberá introducir o usuario que lle foi facilitado no correo de confirmación da alta da súa VPN. Prema en "iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Nome de Usuario

Iniciar sesión


Ingrese a súa contrasinal de acceso á área privada do portal EidoLocal (<https://www.eidolocal.gal/login>) e prema de novo en "Iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Contrasinal

Iniciar sesión

3. Abrirase a seguinte ventá na que debe acceder ao seu chaveiro introducindo o seu contrasinal e facendo clic en "Permitir sempre" ou solicitárase esta autorización 3 veces cada vez que se conecte á plataforma de VPN.



*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Será informado do envío e terá 5 minutos para facelo.

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Introduza o código enviado ao correo

Iniciar sesión



Solicitou vostede acceso á plataforma de acceso remoto da Xunta de Galicia. Xerouse un código dun so uso que deberá introducir para completar o acceso.

Este código é válido durante 5 minutos.

O seu código é: **687965**

Por favor introduza o código no formulario que se lle mostra para completar o acceso.


4. Aparecerá unha xanela coa información de Seguridade. Prema en "Aceptar".




2.3. Conexión á VPN a través do escritorio web ou do cliente pesado

2.3.1. Conexión a través do escritorio web da VPN


1. Despois de acceder con éxito á plataforma de VPN. amosarase o seu escritorio web onde poderá establecer a conexión á VPN vía web premendo en "Pica Para Conectar".




2. Prema en "Permitir".




3. Prema en "Comezar".



4. Na seguinte ventá prema en "Descargar" para descargar o paquete de instalación.




5. Despois de descargar o paquete de instalación terá que abri-lo para que a instalación comece automaticamente.




6. Unha vez rematada a instalación (pasados uns segundos) non se amosará ningunha mensaxe que confirme a mesma. Prema en "Faga clic aquí".

[Faga clic aquí](#) cuando finalice a instalación.


7. Entón abrírase unha xanela que iniciará a conexión a VPN e reducirase automaticamente cando se estableza o túnel.



8. Permita as notificacións para que a conexión teña éxito e poida acceder a tódolos recursos.



9. Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet da Xunta de Galicia <https://intranet.xunta.gal> e pulsando en Enter/Intro ou abrindo no escritorio web da plataforma a icona chamada Intranet.




Se o acceso á Intranet é correcto entón a VPN corporativa estará habilitada.


2.3.2. Conexión a través do cliente pesado da VPN

Recoméndase instalar o cliente pesado da ferramenta e empregalo para a conexión diaria á VPN corporativa por resultar máis operativo. No apartado [1.3.1 Descarga e instalación do cliente pesado da VPN](#) atópase a información referente á instalación do cliente pesado da VPN


1. Acceda ao xestor de aplicacións "Apple Store" do equipo e realice unha procura por "Acceso F5" ou "F5 access". Instale a aplicación resultante da procura que se indica a continuación e prema en "OBTENER":




2. A continuación instale o axente VPN seguindo a secuencia de instalación



3. Despois de instalar a aplicación, acceda á mesma dende a lista de aplicacións do equipo tal e como se indica a continuación.



4. Prema en "Permitir" para agregar a configuración da rede VPN.



5. Para engadir a nova rede VPN prema en "+" e engada os datos como se indica a continuación e finalmente prema en "Aceptar":

VPN Name: VPN XUNTA.


SERVER: <https://vpn.xg.xunta.gal>

Username: introduza o usuario co que se vai conectar á VPN (usuario que lle foi facilitado no correo de confirmación da alta da súa VPN)

Client certificate: seleccione o seu certificado dixital

Web Logon: habilite esta opción

Show VPN Configuration in Menu: habilite esta opción



6. Unha vez que a conexión estea habilitada e a ventá de configuración pechada, acceda ao menú da barra do menú de estado MAC (na esquina dereita indica Acceso F5) e seleccione Conectarse a VPN Xunta:



7. Introduza o usuario que lle foi facilitado no correo de confirmación da alta da súa VPN. Prema en "Iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Nome de Usuario


Iniciar sesión

8. Ingrese a súa contrasinal de acceso á área privada do portal EidoLocal e prema de novo en "Iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Contrasinal

9. Abrirase unha ventá na que debe acceder ao seu chaveiro introducindo o seu contrasinal e facendo clic en "Permitir siempre" ou solicitarase esta autorización 3 veces cada vez que se conecte á VPN.



*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Será informado do envío e terá 5 minutos para facelo.

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Introduza o código enviado ao correo



Solicitou vostede acceso á plataforma de acceso remoto da Xunta de Galicia. Xerouse un código dun so uso que deberá introducir para completar o acceso.

Este código é válido durante 5 minutos.

O seu código é: **687965**

Por favor introduza o código no formulario que se lle mostra para completar o acceso.

10. Aparecerá unha xanela coa información de Seguridade, clic en Aceptar.


Ao acceder a esta rede e aos seus sistemas de información está vostede obrigado ao cumprimento da normativa en vigor, en particular da Política de Seguridade e do Decreto de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración xeral e do sector público de Galicia, no marco do requirido polo Esquema Nacional de Seguridade e o Regulamento Xeral de Protección de Datos Persoais.



11. A ventá da VPN minimízase automaticamente e a conexión coa VPN iníciase do seguinte xeito.



12. Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet da Xunta de Galicia <https://intranet.xunta.gal> e pulsando en Enter/Intro ou abrindo no escritorio web da plataforma a icona chamada Intranet..



Se o acceso á Intranet é correcto entón a VPN corporativa estará habilitada.

3. En Linux

3.1. Pre-requisitos

- Deberá ter correctamente instalado no equipo e en vigor un Certificado Dixital FNMT de Persoa Física, Camerfirma, DNle ou de Empregado Público, en ningún caso de empresa.
- Debe ter instalado Firefox.
- No caso de que o certificado se encontre nunha tarxeta criptográfica, será preciso ter instaladas as aplicacións de lectura correspondentes en cada caso.
- A data e hora do equipo debe ser correcta.
- Debe ter instalado o certificado de entidade raíz da FNMT ou Camerfirma dispoñibles a través da seguintes ligazóns :
<https://www.sede.fnmt.gob.es/descargas/certificados-raiz-de-la-fnmt>
<https://www.camerfirma.com/area-de-usuario/descarga-de-claves-publicas/>
https://rest.camerfirma.com/certs/ac_camerfirma_natural_persons-2016.crt
- Debe aceptar todos os permisos necesarios durante a instalación do software VPN no seu sistema operativo para un correcto despregamento, no caso de que non acepte os permisos, o software non se instalará e non poderá conectarse á VPN.
- Debe ter un correo electrónico válido no que recibirá un código para entrar no portal de formación.
- Debe ter permisos de administración para poder instalar os diferentes compoñentes indicados no manual para acceder ao portal de formación.

3.2. Pasos para conectarse

1. Abrir un navegador e acceder á seguinte URL: <https://vpn.xg.xunta.gal>

2. Despois de facer unha análise de seguridade do seu dispositivo, o navegador amosará a seguinte ventá na que deberá introducir o usuario que lle foi facilitado no correo de confirmación da alta da súa VPN. Prema en "iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Nome de Usuario

Iniciar sesión


3. Ingrese a súa contrasinal de acceso á área privada do portal Eidolocal (<https://www.eidolocal.gal/login>) e prema de novo en "Iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Contrasinal

Iniciar sesión

4. Se a autenticación na plataforma de VPN é correcta, deberá seleccionar o seu certificado e premer en "OK"



*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Será informado do envío e terá 5 minutos para facelo.

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Introduza o código enviado ao correo

Iniciar sesión




Solicitou vostede acceso á plataforma de acceso remoto da Xunta de Galicia. Xerouse un código dun so uso que deberá introducir para completar o acceso.

Este código é válido durante 5 minutos.

O seu código é: **687965**

Por favor introduza o código no formulario que se lle mostra para completar o acceso.


5. Aparecerá unha xanela coa información de Seguridade. Prema en "Aceptar".




3.3. Conexión á VPN a través do escritorio web ou do cliente pesado

3.3.1. Conexión a través do escritorio web da VPN

1. Despois de acceder con éxito á plataforma de VPN. amosarase o seu escritorio web onde poderá establecer a conexión á VPN vía web premendo en "Pica Para Conectar".



2. Prema en "Máis opcións".



3. Prema en "Iniciar"

Iniciar

Instalar/reinstalar a aplicación Network Access

Seleccione esta opción se nunca se instalou a aplicación Network Access nesta máquina o se houbo algún problema coa instalación.

4. Na seguinte ventá seleccione a opción "64 bit.rpm (Fedora/openSUSE)" e prema en "Descargar" para iniciar a descarga do paquete de instalación da plataforma.

Requirense compoñentes do cliente de acceso á rede



Pica para conectar

Descargue e execute o paquete de instalación


64 bit .rpm (Fedora/openSUSE)

64 bit .deb (Ubuntu/Debian)


Descargar

Faga clic aquí cuando finalice a instalación.

5. Abra o ficheiro descargado e prema en "Instalar".




6. Confirme o seu contrasinal de súper usuario para iniciar a instalación do arquivo.




7. Unha vez instalado o software peche a ventá de instalación e regrese ao navegador para iniciar a VPN. Para iso, prema en "Faga clic aquí cando finalice a instalación"

Faga clic aquí cando finalice a instalación.

8. Abrirase unha ventá onde debe indicar o uso do software VPN F5 que acaba de instalar e que se usará para conectarse á VPN.



9. Prema en "Permitir sempre a conexión VPN deste sitio" para que a VPN poida establecer a conexión.




10. A VPN estará habilitada.





Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet da Xunta de Galicia <https://intranet.xunta.gal> e pulsando en Enter/Intro ou abrindo no escritorio web da plataforma a icona chamada Intranet.



Se o acceso á Intranet é correcto entón a VPN corporativa estará habilitada.

3.3.2. Conexión a través do cliente pesado

Para persoas usuarias avanzadas de Linux, despois de iniciar sesión no portal, atoparán os axentes VPN e o manual para facer a conexión.



4. En Android

4.1. Pre-requisitos


- Deberá ter correctamente instalado no equipo e en vigor un Certificado Dixital FNMT no seu dispositivo móbil Android.
- A data e hora do equipo debe ser correcta.
- Debe ter instalado o certificado de entidade raíz da FNMT dispoñible a través da seguinte ligazón :

<https://www.sede.fnmt.gob.es/descargas/certificados-raiz-de-la-fnmt>


- Debe ter instalado como mínimo Android 4.x, 5.x, 6.x, 7.x, 8.0 e 10.
- Debe ter un correo electrónico válido no que recibirá un código para acceder á conexión VPN.
- Debe ter permisos de administración para poder instalar os diferentes compoñentes indicados no manual para acceder á conexión VPN.

4.2. Pasos para conectarse


1. Entre no xestor de aplicación "Play Store" ou na aplicación de descarga de Aplicacións do seu dispositivo Android e busque a aplicación "F5 Access". Proceda coa súa instalación.




2. Abra a aplicación para configurar o servidor de conexión para o túnel VPN. Acceda á configuración da aplicación premendo o botón de menú (3 franxas horizontais na esquina superior esquerda) como se amosa na seguinte imaxe:



No menú da parte superior esquerda, seleccione a opción Configuración:




Mostrarase unha ventá coa listaxe de conexións rexistradas na ferramenta, no caso de que houboese algunha.




No available configuration



3. Prema o botón "+" para engadir unha nova conexión e rexistre os datos do servidor VPN como se amosa na seguinte imaxe. Prema en "SEGUINTE"(NEXT) unha vez introducidos os datos.




4. Active a caixa de verificación de "Inicio de sesión web" e prema en "Certificado de cliente" para importar o certificado de usuario/a. Abrirase un asistente para importar o certificado do usuario/a na aplicación.





5. Prema IMPORTAR, e seleccione "Elija del almacenamiento de credenciales del dispositivo".




6. Seleccione o seu certificado asinado pola FNMT e faga clic en "Seleccionar" ou "Permitir" segundo se amose.




7. Prema  para gardar a configuración e pódese usar a nova conexión:



8. Prema no menú da esquina superior esquerda e seleccione "Conexión".




9. Prema na configuración e seleccione "VPNXG" e faga clic en "Conectar".






10. Dea permisos para que a aplicación poida xestionar chamadas dende o seu dispositivo móbil.



11. Introduza o seu nome de usuario (usuario facilitado no correo de confirmación da alta da VPN) e prema "Iniciar sesión". No caso de que apareza un texto no campo de usuario, debe borrarlo antes de introducir o seu usuario.



Ingrese o seu contrasinal de acceso á área privada do portal EidoLocal (<https://www.eidolocal.gal/login>) e faga clic en "Iniciar sesión".



*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Será informado do envío e terá 5 minutos para facelo

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Introduza o código enviado ao correo

Iniciar sesión



Solicitou vostede acceso á plataforma de acceso remoto da Xunta de Galicia. Xerouse un código dun so uso que deberá introducir para completar o acceso.

Este código é válido durante 5 minutos.

O seu código é: **687965**

Por favor introduza o código no formulario que se lle mostra para completar o acceso.


12. Posteriormente amosarase unha ventá con información de Seguridade de interese para vostede. Debe premer en "Aceptar".

Ao acceder a esta rede e aos seus sistemas de información está vostede obrigado ao cumprimento da normativa en vigor, en particular da Política de Seguridade e do Decreto de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración xeral e do sector público de Galicia, no marco do requirido polo Esquema Nacional de Seguridade e o Regulamento Xeral de Protección de Datos Persoais.


Aceptar

Rexeitar

13. Acepte os permisos requiridos pola aplicación para o seu correcto funcionamento premendo "Aceptar" ou OK.



14. Cando se realice unha conexión correcta á plataforma VPN indicarse na aplicación.



Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet da Xunta de Galicia <https://intranet.xunta.gal> e pulsando en Enter/Intro ou abrindo no escritorio web da plataforma a icona chamada Intranet..

5. En IOS (Iphone e Ipad)

5.1. Pre-requisitos

- Deberá ter correctamente instalado no dispositivo e en vigor un Certificado Dixital FNMT (nesta guía explícase cómo importalo).
- Debe ter permisos de administración para poder instalar os diferentes compoñentes indicados no manual para acceder á conexión VPN.


5.2. Pasos para conectarse

Entre no xestor de aplicacións de Apple "Apple Store" e busque a aplicación "F5 Access". Proceda coa súa instalación.



5.2.1. Importar o certificado FNMT (se non o ten xa no dispositivo)


1. O primeiro paso será importar o certificado se non o ten xa no seu dispositivo. Se dispón do certificado da FNMT noutro dispositivo, deberá exportalo dende o xestor de certificados do equipo onde o teña instalado, por exemplo: nun equipo windows como se amosa na seguinte imaxe.



Teña en conta que ao exportar o certificado debe incluír a clave privada (contrasinal).

2. Envíe o ficheiro do certificado ao dispositivo e almacéneo neste (por exemplo na aplicación "Arquivos").


3. Cun dobre click pode descargalo e o poderá atopar para instalalo en Ajustes, aparecendo como "Perfil descargado" ou consultando na sección "Perfiles".




4. Proceda a instalación do certificado. Este servirá tanto para a conexión VPN como para calquera aplicación que poida requirer un certificado persoal.

5.2.2. Dar permisos á aplicación para acceder ao certificado FNMT

Dende o ficheiro do certificado descargado, deberá otorgar permisos para poder compartir o certificado coa aplicación de conexión F5 Access. Para iso, haberá que seleccionar o certificado (por exemplo, na aplicación de *Archivos*, premendo *Compartir --> Mas*) e seleccionar a opción de *Compartir*. Primeiro hai que comprobar que F5 Access está habilitado para poder compartir:



e despois compartir o certificado coa aplicación (Compartir → F5 Access).




Neste momento pedirá a clave do certificado.

5.2.3. Configuración da aplicación

1. Acceda a Aplicación F5 Access e prema en "Agrega Nueva". Nomee como desexe a nova conexión (recoméndase VPNXG) e no servidor introduza "<https://vpn.xg.gal>".

2. Marque as opcións "Inicio de sesión en la web" e "Certificado de uso" e a aplicación pediralle escoller un certificado. Se non ve ningún certificado repita os primeiros pasos desta guía para iOS relacionados coa activación do certificado.



3. Se todo está correcto poderá ver a conexión instalada no menú "Configuración".




E para conectar sen desconectar simplemente prema no botón "Conexión" da sección "Conexión".



4. A aplicación solicitará o usuario que lle foi facilitado no correo de confirmación da alta da súa VPN.



Ingrese tamén o seu contrasinal de acceso á área privada do portal Eidolocal (<https://www.eidolocal.gal/login>) e faga clic en "Iniciar sesión".





*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Será informado do envío e terá 5 minutos para facelo

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Introduza o código enviado ao correo

Iniciar sesión



Solicitou vostede acceso á plataforma de acceso remoto da Xunta de Galicia. Xerouse un código dun so uso que deberá introducir para completar o acceso.

Este código é válido durante 5 minutos.

O seu código é: **687965**

Por favor introduza o código no formulario que se lle mostra para completar o acceso.

5. Posteriormente amosarase unha ventá con información de Seguridade de interese para vostede. Debe premer en "Aceptar".

Ao acceder a esta rede e aos seus sistemas de información está vostede obrigado ao cumprimento da normativa en vigor, en particular da Política de Seguridade e do Decreto de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración xeral e do sector público de Galicia, no marco do requirido polo Esquema Nacional de Seguridade e o Regulamento Xeral de Protección de Datos Persoais.

Aceptar

Rexeitar

Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet da Xunta de Galicia <https://intranet.xunta.gal>.